

Memoria final

## FOSA DO CEMITERIO DE SANTA MARÍA DE ASADOS (RIANXO)



Imaxe 1: Fotografía da igrexa de Santa María de Asados, 1939. Fonte: obaixoulla.gal

Imaxe 2: Fotografía da igrexa de Santa María de Asados, 2025. Fotografía de Lucía Santiago

## Índice

1. Introducción .....	3
2. Antecedentes .....	4
3. Localización e contexto xeográfico .....	5
4. Contexto histórico xeral .....	9
5. Indagación preliminar sobre as vítimas para a súa identificación.....	16
5.1. Manuel Piñeiro Abeijón .....	18
5.2. Francisco López Pérez .....	20
6. Fichas resumo sobre as vítimas.....	27
7. Documentación do espazo a intervir: localización da fosa.....	31
8. Intervención na fosa.....	43
9. Referencias bibliográficas e fontes consultadas .....	48

## 1. Introducción

A presente memoria recolle os resultados das investigacións realizadas sobre os lugares de enterramento irregulares do cemiterio parroquial de Santa María de Asados, no concello de Rianxo, provincia da Coruña. Neste espazo localízanse os restos de dúas persoas asasinadas de forma extraxudicial con case un mes de diferenza: Manuel Piñeiro Abeijón, paseado o 14 de agosto de 1936, e Francisco López Pérez, o 12 de setembro do mesmo ano.

O estudo e a intervención neste lugar de violencia insírense nas actuacións do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática de Galicia (2025–2028), dentro da primeira das súas tres liñas estratéxicas. Este traballo constituíu a base para a planificación da prospección, delimitación e, de proceder, exhumación e identificación das vítimas. Todo o proceso é desenvolvido de acordo cos principios de verdade, xustiza, reparación e garantías de non repetición recollidos na Lei 20/2022, do 19 de outubro, de Memoria Democrática.

A investigación histórica e historiográfica desenvolvida ata o momento baséase nun enfoque multidisciplinar que combina a análise documental, o traballo de campo e a colaboración coa veciñanza e co tecido asociativo. Trátase dun procedemento consolidado que complementa a investigación arqueolóxica, a análise antropolóxica e forense, e de ser positiva a identificación xenética.

A análise documental sustentouse en fontes bibliográficas e orais, así como na consulta de arquivos municipais e provinciais, entre outros, e o do Rexistro Civil de Rianxo. O traballo de campo incluíu a prospección inicial, a delimitación do lugar, a realización de entrevistas e conversas informais coa veciñanza e a identificación e contacto cos familiares.

A implicación veciñal e asociativa resultou esencial, pois en sinerxía coas demais fontes contribuíu a enriquecer o estudo e a crear unha rede de apoio local. A equipa investigadora expresa o seu agradecemento ás persoas integrantes da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza (de agora en diante, CRMHB) polo seu

compromiso e colaboración. Da mesma forma, manifesta a súa gratitude ao párroco Marcelino Somoza. De forma persoal, pola súa implicación e labor, agradecemos a colaboración e o tempo compartido coa equipa a Xesús Santos Suárez, Xosé Deira Triñanes, Xan Hermida Bouza, Carlos Cimadevila Álvarez, e Xusto Xosé Ordóñez Figueira; así como a todas as persoas que dunha forma ou doutra participaron nalgún dos procesos de investigación.

Finalmente, a equipa investigadora quere expresar o seu especial agradecemento ao neto de Francisco López Pérez, Francisco López Saborido e á súa parella; así como a Mercedes Piñeiro López e familia, neta de Manuel Piñeiro Abeijón, pola hospitalidade e disposición.

## 2. Antecedentes

No ano 2024, a equipa coordinadora das actuacións do Plan de Memoria Democrática recibiu a solicitude formal da neta de Manuel Piñeiro Abeijón, grazas á mediación e ao traballo desenvolvido pola Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza (CRMHB).

Antes de iniciar o noso estudo, tanto a CRMHB como a veciñanza situaban a fosa no adro da igrexa de Santa María de Asados, concretamente nunha área localizada ao pé da oliveira. Porén, ao tratarse de dous asasinatos cometidos con case un mes de diferenza, é probable que os cadáveres das vítimas non fosen inhumados de maneira inmediata un xunto ao outro, ou de que se atopen en distintas áreas do adro.

Así mesmo, puidemos constatar que tanto a memoria oral como a bibliografía existente recollen a testemuña da aparición dos dous cadáveres en Asados. No caso de Manuel Piñeiro Abeijón, a lembranza é especialmente precisa, xa que os falanxistas deixaron o seu cadáver guindado na estrada o 15 de agosto, coincidindo cun día de festexo local e xeral en Galicia.

Se ben no adro da igrexa non existe ningún monumento conmemorativo, a Asociación Cultural Simón Varela e o Concello de Rianxo inauguraron no ano 2006 unha placa memorial de carácter xeral en lembranza das vítimas do franquismo, situada nas

inmediacións do cemiterio, ao pé da estrada onde aparecerían os cadáveres. Nesa mesma liña, o 23 de abril de 2022, a CRMHB e o Concello de Rianxo homenaxearon as vítimas e colocaron un monólito no Alto da Paradegua, en Burés, lugar onde semella que foran asasinados.

Cómpre destacar que na base de datos *Nomes e Voces*, centrada nas vítimas da violencia derivada do golpe de 1936 ata 1939, figuran rexistradas as dúas persoas aquí mencionadas cos seguintes datos: Manuel Piñeiro Abeijón, labrego da parroquia de Macenda (Boiro), asasinado con 31 anos o 14 de agosto de 1936, cuxa morte foi rexistrada como consecuencia de feridas de arma de fogo. Pola outra, Francisco López Pérez, mariñeiro natural de Taragoña (Rianxo), asasinado o 12 de setembro de 1936 con 34 anos.

Estas informacións iniciais constituíron o punto de partida da investigación histórica, na que se abordou a análise de diversas fontes e relatos. A partir delas tentouse reconstruír o acontecido e as traxectorias vitais das vítimas, así como formular diversas hipóteses sobre a localización da fosa ou fosas.



Imaxe 3. “En recordo das vítimas da Guerra Civil e represaliados do Franquismo. No Ano da Memoria. C.C. Simón Varela e Concellor de Rianxo. Asados 2006”. Fotografía de Lucía Santiago, 2025.


Imaxe 4. “En memoria das persoas paseadas e represaliadas polo Franquismo. Francisco López Pérez “Fontevella”, Manuel Piñeiro Abeijón. 1936 – 2022”. Fotografía da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza.


### 3. Localización e contexto xeográfico

A fosa obxecto de intervención semella localizarse no adro da igrexa de Santa María de Asados, no concello de Rianxo. Rianxo, que conta con 60 m<sup>2</sup>, está situado ao sur da provincia da Coruña, na marxe dereita da ría de Arousa e na desembocadura do río Ulla. Asados é unha das seis parroquias que forman o municipio, xunto con Rianxo, Leiro, Isorna, O Araño e Taragoña. Precisamente desta última parroquia era veciño Francisco López Pérez.

O municipio de Rianxo limita ao norte cos concellos de Lousame e Rois; ao oeste con Boiro —onde vivía Manuel Piñeiro Abeijón, natural da aldea de Belles de Abaixo—; ao leste con Dodro e, a través da ponte sobre o río Ulla, con Catoira; e ao sur coa ría de Arousa. Estes concellos fan parte da comarca do Barbanza, caracterizada pola serra homónima, que atravesa a península con orientación nordeste-suroeste, e polos montes da Muralla e do Treito, situados entre Rianxo, Dodro e Lousame.

Dentro do propio concello de Rianxo existen tamén espazos de altitude e afastados dos núcleos de poboación. Un deles é o Alto da Paradegua, en Burés, lugar onde foron asasinados tanto Manuel Piñeiro como Francisco López no verán de 1936.





#### 4. Contexto histórico xeral

A través da lectura da bibliografía local elaboramos un contexto que recompila, de forma xeral e con carácter descritivo, a violencia do golpe militar nos concellos de Boiro e Rianxo, así como en Lousame pola súa proximidade xeográfica e pola súa estreita relación co movemento sindical e asociativo desenvolvido até o golpe de 1936.

Durante a Segunda República o sindicalismo obreiro e agrario estivo marcado nun primeiro momento pola hexemonía da UGT. Por exemplo, en Boiro recóllense sociedades como poden ser: a *Sociedad Agraria La Fraternidad*, a *Unión de Canteros y Oficios Varios*, a *Sociedad Agraria y Marítima de Oficios Varios*, *El Centro Obrero* de Escarabote, a *Sociedad de Agricultores de la Parroquia de Bealo La Armonía* ou a *Sociedad La Alianza*. A estas sumáronse asociacións de carácter sindical e filiación política máis difusa, como a *Sociedad La Marina* de Escarabote, entre outras (Rodríguez Gallardo, A. 2009: 33-34). En Rianxo cómpre destacar a Sociedade de Oficios Varios de Taragoña, que integraba mariñeiros, campesiños e traballadores de diversos oficios.

A partir de 1934, a CNT iniciou unha rápida expansión especialmente en Ribeira, Boiro, a Pobra do Caramiñal, Porto do Son ou Lousame. Así cunha forte implantación e capacidade de mobilización superou á UGT en afiliación, chegando a contar con máis de 2000 afiliados na Barbanza no transcurso da Fronte Popular (Pereira, D. 2009: 123, 124). A capacidade de organización e o carácter combativo dos sindicatos “causou unha alarma crecente entre os sectores da poboación máis conservadores (...) medo que, tras o golpe militar do 18 de xullo de 1936, foi campo abonado para unha represión mortal (...)” (Íbidem 2009: 128).

A todo isto hai que lle engadir o sindicalismo mineiro en concellos próximos como Lousame. O 20 de xullo de 1936, nos días da sublevación, tivo lugar un episodio que tamén traería pouco tempo despois unha resposta violenta. Un cento de homes de Luosame, da Pobra, de Escarabote (Boiro) e de Taragoña (Rianxo) artellaron unha manifestación para mostrar a súa oposición ao golpe (Comoxo X. e Santos, X. 2010: 44). Dous días despois, entre o 22 e o 23 de xullo, un grupo de mozos da zona de Beluso (Boiro) destruíu a ponte sobre o río Beluso para impedir o paso do exército.

Ademais, a ponte de San Xusto, que unía Santiago con Noia, tamén apareceu inutilizada, e intentouse cortar o paso pola Pobra. Finalmente, Boiro foi tomado polos sublevados o día 26 de xullo (Íbidem 2010: 45).

Os destacamentos militares percorreron a comarca durante varios días, realizando en colaboración coa Garda Civil, Carabineiros e falanxistas, numerosas detencións de simpatizantes da Fronte Popular. A marcha definitiva dos grupos militares tería lugar 4 de agosto, mentres portaban unha pancarta nun dos vehículos coa seguinte mensaxe “*Paz en Noya y sus contornos*” (Rodríguez Gallardo, A. 2022: 244). De contado, a Garda Civil volvería coller o mando, e as estruturas falanxistas tomarían forma por toda a xeografía. En Boiro tamén se fundaría a Falange Española de las JONS coa sede en Cimadevila e baixo a xefatura de Víctor Sieira Stone, o cal era fillo do industrial madeireiro e ex alcalde na República Arturo Sieira Alonso (Íbidem, 246, 247).

Estes procesos viñeron seguidos da instauración dun réxime de violencia sistemática que non reparou en actos violentos para consolidar o poder dos sublevados. Esta violencia inicial expresouse sobre todo a través dos paseos, que se converteron no *modus operandi* do asasinato. Segundo *Nomes e Voces*, podemos citar as seguintes vítimas:

- Vicente Figueira Fernández e Bernardo Hermo Rodríguez, paseados o 1 de agosto de 1936.
- Manuel Piñeiro Abeijón, sobre o que afondaremos máis adiante.
- Ricardo Vilas Quintáns, de Treites-Cespón, fuxido no monte e abatido o 2 de setembro de 1936 en Bico de Mar-Cespón, acusado de participar na voadura da ponte de Beluso.
- Os irmáns José e Maximino Somoza Piñeiro, de Escarabote, paseados o 8 de outubro de 1936 e inhumados nunha fosa en Taragoña.
- Manuel Brión Suárez, labrego de Fonte de Mouro, asasinado o 23 de novembro de 1936 tras fuxir ao monte.
- Cándido Castillo González, paseado e aparecido morto no seu domicilio en Ponte Goiáns o 22 de abril de 1937.

- Francisco Tubío Vicente, “O Chiquelo”, veciño de Bealo sinalado por participar en rexistros armados en Abanqueiro (Comoxo X., e Santos, X, 2010), morte rexistrada en Taragoña<sup>1</sup> o 15 de outubro.
- José Caballero Rubio, desaparecido tras unha saca do cárcere de Santiago (Rodríguez Gallardo, A. 2022: 259). O informante Xosé Deira indica que segundo as súas pesquisas, os restos do mestre José Caballero xacen nunha fosa no cemiterio de Tállara, en Lousame.

A listaxe de vítimas é, en todo caso, máis ampla. Non pretendemos aquí elaborar un inventario numérico, senón dar conta da dimensión e do sentido político da violencia exercida. Así, noutra tipoloxía de violencia cabe mencionar que un número significativo de veciños de Boiro foron condenados a pena de morte en consello de guerra. Entre eles, Juan Outeiral Outeiral, José Maceiras Vilasoa, Santiago Miranda Lapido, Ramón Lojo Agrelo, Bautista Torrado Rivadulla, Braulio Castro Gallardo e Rodrigo Álvarez Gantes, fusilados contra as tapias do cemiterio de Boisaca o 23 de febreiro de 1937, aos que se sumou meses despois Gerardo Piñeiro Piñeiro.

Outros veciños foron detidos ou procesados, e numerosos cidadáns sufriron brutais malleiras nas dependencias do Xulgado de Paz de Cimadevila (Rodríguez Gallardo, A. 2022: 252). Así mesmo, como sinala o propio autor (2022: 186, 187, 255), a violencia tamén se exerceu de maneira específica sobre as mulleres, manifestándose tanto en humillacións públicas como en agresións sexuais.

A represión en Boiro tivo continuidade no exilio e nos campos de concentración nazis: Francisco Pena Romero<sup>2</sup>, natural de Boiro, foi detido en Estrasburgo, deportado a Mauthausen en decembro de 1940 e trasladado a Gusen en marzo de 1941, de onde saíu liberado en maio de 1945, tras sobrevivir ao horror. Pola contra, Juan Rey Lago<sup>3</sup>, tamén natural de Boiro, foi deportado aos mesmos campos e faleceu en Gusen en 1941.

<sup>1</sup> Cabería a posibilidade que fose inhumado próximo á fosa dos irmás Somoza.

<sup>2</sup> Ficha de *Nomes e Voces* de Francisco Pena Romero: <http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/5022/>

<sup>3</sup> Ficha de Juan Rey Lago de *Nomes e Voces*: <http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/5025/>

En Rianxo o panorama non era moi distinto. Con Felipe Díaz como primeiro xefe local falanxista, integráronse na organización persoas como Joaquín e Ignacio Cambeses, Álvaro Baraja, Luís Fachado, José Vicente, Florentino Rodríguez, Antonio Losada, José Luís, Germán e Servando Fernández, Esperante Peiteado e Rubio Rey (Íbidem, 2010: 126).

No que respecta á Garda Civil, exerceu como comandante Vicente Sánchez Peral, e máis tarde ocuparon o mando distintos cabos interinos, entre eles Nicolás Lojo Laíño, Guillermo Piñeiro Corredoira, Lónides García Sansegundo, Claudio Alarcón Moreno, “O Tato”, Bernardo Méndez Gago, os irmáns José e Nicanor Sánchez Vázquez, Manuel Acosta Eiras, Abelardo García Núñez, Abelardo González, Manuel Vázquez Seijas e Manuel Corral Villar (Íbidem, 2010: 146).

A rede de cabezas falanxistas e gardas civís complementábase cun amplo grupo de falanxistas locais que se dedicaban a sinalar aos veciños vinculados ao Partido Galeguista —coa sede precisamente en Asados e con 264 afiliados en 1936—, así como a calquera persoa con actividade sindical, posicións políticas diferentes ou mesmo por cuestións persoais. Este contexto converteuse nun escenario propicio para o control e a delación exercidos desde o fanatismo falanxista local.

Os paseos ou execucións extraxudiciais foron tamén constantes. O noso informante Xesús Santos explica que, nun primeiro momento, eran artelladas e levados a cabo polos propios falanxistas do lugar. Un exemplo é o caso de José Ces Caamaño, “O Lorcho”, paseado catro días antes que Francisco, o 8 de setembro de 1936. No seu asasinato semella que participou o garda antes mencionado Bernardo Méndez Gago, xunto con varios veciños que, de acordo co informante, eran coñecidos por toda a xente do lugar, pois un deles chegaría despois a exercer como mestre. Curiosamente, O Lorcho era natural de Taragoña e traballaba como transportista de piñeiros (como Francisco López Pérez), ademais de ser peón nas minas de San Finx e afiliado á CNT. As fontes indican que participou na voadura da ponte de Beluso (Costa e Santos, 2019: 23). Comoxo e Santos (2010: 208) sinalan que o cadáver foi trasladado ao depósito do cemiterio de Bealo e enterrado na parte alta da igrexa.

Un día antes que o José Ces, os falanxistas apresaron a Andrés Dourado Ces, coñecido como Quinote:

“O xefe falanxista Ramón Fernández e outros gardas sacárono da casa, torturárono e paseárono o 7 de setembro de 1936. O seu corpo apareceu no km 95 da estrada Coruña-Pontevedra e foi soterrado no cemiterio de Carracedo”<sup>4</sup>

(Íbidem, 2010:2025)

Francisco Tubío Vicente, “O Chiquelo”, natural de Rianxo pero veciño de Bealo, tamén foi acusado de participar na voadura da ponte de Beluso, estivo agochado en Ourille e Cochumelo ata que foi atopado e asasinado polos verdugos. Foi enterrado pola familia en San Salvador de Taragoña.

Durante as nosas consultas no Rexistro Civil de Rianxo aparece inscrita a morte Ricardo Noal Pérez, de Boiro, o 13 de decembro de 1936 e enterrado en Taragoña. Porén, sería preciso investigar máis se se trata dunha vítima máis.

Ademais deste, atopamos tamén outros rexistros de mortes de persoas nos que figura como domicilio “Campo de Concentración”. Trátase do campo instalado en novembro de 1937 en Rianxo, nunha antiga fábrica de salgadura de Goday, que funcionou como campo de prisioneiros de guerra. Entre novembro de 1937 e novembro de 1939, acolleu máis de tres mil presos políticos (Comoxo, x., Santos X., e Costa, X. 2003: 32).

No Rexistro constan as seguintes mortes: Antonio Ojeda Otero, de Rales de Llanes, morto o 20 de decembro de 1937; Narciso Pendás García, de Ribadesella, inscrito o 3 de xaneiro de 1938; Julio Tresguerres Bravo, de Oviedo, inscrito o mesmo día; José Bravo Feito, tamén de Oviedo, inscrito o 8 de xaneiro de 1938; Óscar Menéndez Menéndez, asturiano, inscrito o 13 de febreiro; Andrés de la Torre Fernández, de Oviedo, inscrito o 1 de marzo; Bartolomé Pérez Muñoz, de Almería, inscrito o 25 de setembro; Basiliso Poyatos del Pozo, de Cuenca, o 17 de decembro; Juan Grau Oller, de Barcelona, inscrito

<sup>4</sup> Nota: no libro hai unha confusión, indícase que Carracedo é de Valga.

o 9 de xaneiro de 1939; Juan Solias Abert, tamén de Barcelona, inscrito o 20 de xaneiro de 1939; e Rafael Fernández Boquete, de Madrid, inscrito o 26 de xaneiro de 1939.

Sería preciso continuar investigando sobre as defuncións no campo, así como sobre os lugares de inhumación. Porén, esta pequena mostra amosa xa, de acordo cos autores citados, que o Campo de Concentración de Rianxo acolleu principalmente homes procedentes de Asturias, arredor de 1050. En 1938, tras a ofensiva catalá, chegaron tamén centos de prisioneiros cataláns, probablemente máis de catrocentos (Íbidem, 2003: 48).

En conxunto, todo o exposto permite comprender a amplitude e o sentido da violencia desencadeada polo golpismo e o réxime na comarca do Barbanza. A implantación do novo poder apoouse nunha estratexia de eliminación física e simbólica de veciños identificados coas organizacións políticas e sociais da República ou simplemente considerados desafectos. Os paseos e asasinatos extraxudiciais, é dicir, aqueles non derivados de sentenzas de tribunais, constituíron a forma máis estendida de violencia en Galicia, estímase que representaron arredor de dous terzos das mortes provocadas polo golpe (Fernández Prieto, L. 2024).

Neste marco de violencia organizada e consentida insírense tamén os asasinatos de Manuel Piñeiro Abeijón, de Boiro, e Francisco López Pérez, de Taragoña, vítimas do golpismo que foron paseadas no Alto da Paradegua e inhumadas en Asados. As súas mortes, como as de tantas outras persoas na comarca, exemplifican a extensión e a sistematicidade da violencia exercida polos sublevados durante o proceso de consolidación do novo poder.



Imaxe 5. Imaxe de 19?? da casa na que se fundou o Partido Galeguista de Rianxo, en Asados.

Fonte: obaixoulla.gal

Imaxe 6. Imaxe actual da casa na que se fundou o Partido Galeguista de Rianxo, en Asados.

Fonte: obaixoulla.gal

## 5. Indagación preliminar sobre as vítimas para a súa identificación

Como se mencionou no apartado de *Antecedentes*, o punto de partida desta investigación foi a consulta da base de datos *Nomes e Voces*, seguida dun percorrido pola literatura e bibliografía local. A revisión do Rexistro Civil confirmou o recollido nas fontes escritas, constatando o falecemento das dúas vítimas e localizando o seu lugar de enterramento en Asados.

Durante o traballo de campo, as fontes orais levaron a considerar a hipótese de que na mesma área onde presumiblemente se atopan os restos de Francisco López Pérez e Manuel Piñeiro Abeijón poidan existir outros enterramentos correspondentes a persoas falecidas noutras circunstancias de morte *non digna*. Unha informante lembrou que, nesa mesma zona, fora enterrada unha persoa que se aforcara, aínda que non puido precisar a data.

Para afondar nesta posibilidade e verificar o espazo de inhumación das dúas vítimas, consultáronse os libros de culto e fábrica no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela<sup>5</sup> de Santiago de Compostela. A documentación revisada non achegou referencias directas aos asasinados. Porén, localizouse un expediente de 1948 no que o Vicario Xeral do Arcebispado resolvía sobre a concesión ou denegación de sepultura eclesiástica “al cadáver suicida Pedro Seco Tubío (...) sin pompa ni funerales”. Este achado permite abrir a posibilidade de que, na área sinalada polas fontes como lugar de enterramento de Francisco e Manuel, poidan atoparse tamén restos doutras persoas falecidas en circunstancias distintas, mais igualmente excluídas dos ritos funerarios convencionais.

Por outra banda, realizáronse consultas nos arquivos municipais de Rianxo e Boiro para completar a información das vítimas. No primeiro non se atopou documentación relevante, mentres que no segundo se localizaron os expedientes xerais de recrutamento e reemprazo do exército, de utilidade para a identificación de Manuel Piñeiro Abeijón, do que non se conservan fotografías nin descrições físicas.

---

<sup>5</sup> POO1928, Santa María de Asados. Fondo do Arquivo Histórico Diocesano.

Pola contra, da vítima rianxeira Francisco López Pérez si se dispón dunha fotografía, aínda que non constan expedientes militares no arquivo municipal.

Por último, e como é habitual neste tipo de asasinatos extraxudiciais, nos que o verdugo non deixa pegada documental, non se localizou ningunha causa xudicial, expediente de multa nin referencia algunha. A única excepción é un sumario do Xulgado de Padrón sobre a autopsia practicada ao corpo de Francisco López Pérez, o que supón un dos poucos rexistros oficiais vinculados directamente con estes feitos.

En canto aos executores, tampouco foi posible determinar nomes concretos, aínda que poderían estar implicadas algunhas das persoas falanxistas mencionadas no apartado de *Contexto histórico*. Cando se tenta poñer nome aos asasinados, cómpre lembrar que se trata dun pasado incómodo, no que verdugos e vítimas adoitaban ser veciños, mesmo de porta con porta. Durante décadas, o silencio imposto polo medo e pola vixilancia dos vencedores fixo que fosen precisamente os asasinados quen dominasen a memoria colectiva.

A continuación, preséntanse unhas breves biografías das vítimas, elaboradas a partir das fontes bibliográficas dispoñibles e, no caso de Manuel Piñeiro Abeijón, tamén a partir do seu expediente de recrutamento. Para coñecer mellor a traxectoria vital de ambos, mantivéronse conversas cos seus netos e familiares directos. Porén, como é habitual neste tipo de casos, o silencio foi durante décadas a norma, e nas súas casas non se falaba nin dos avós nin do sucedido.

### 5.1. Manuel Piñeiro Abeijón

Manuel Piñeiro Abeijón, labrego e veciño de Boiro, era natural de Belles de Abaixo, na parroquia de Macenda. Naceu en 1904, fillo de Rosa Abeijón García e Ramón Piñeiro Torrado. Casou con Carmen Piñeiro Bermúdez e tiveron dous fillos, Rosa e José, ambos menores de oito anos no momento da súa morte.

Segundo as fontes bibliográficas e orais o 14 de agosto de 1936 os falanxistas irían detelo mentres traballaba a plena luz do día nas leiras de Belles. Logo levárono ao Alto da Paradegua, onde foi asasinado. A súa acta de defunción, inscrita no Rexistro Civil de Rianxo<sup>6</sup> o 15 de agosto ás oito e media da tarde, rexistra a morte por arma de fogo e sitúa o falecemento ás catro da tarde do día anterior. O certo é que o horario é pouco habitual nos paseos, xa que adoitan realizarse pola noite. O documento non especifica o lugar de enterramento, limitándose a indicar que foi inhumado en Asados.

Segundo Xosé Comoxo e Xesús Santos (2010: 203), os falanxistas levaron o corpo o día 15 pola mañá nunha camioneta e tirárono diante da casa de Xacobo, moi preto do cemiterio deixándoo caer “en alto en peso” sobre a estrada. Posteriormente foi trasladado nunha esqueira ata o camposanto, pasando antes pola caseta das autopsias, onde se lle practicou unha revisión superficial. Os autores tamén recollen a testemuña de Peregrina, coñecida como “a Cartagena”, quen lembraba con horror o estado no que se atopaba:

“Tiña buratos na cabeza dos tiros que lle deron. Eu queríalle compoñer a cabeza, limparlla co mandil e poñerlle un ladrillo debaixo, porque tíña caída e a nuquiña desfeita polas balas...”

Non se coñece filiación de Manuel Piñeiro Abeijón a ningún sindicato nin partido político. Porén, Antón Rodríguez Gallardo (2022: 258) formulou a hipótese de que puidese formar

---

<sup>6</sup> Acta de Defunción de Manuel Piñeiro Abeijón, número 95, folio 122. Ano 1936. Rexistro Civil de Rianxo.

parte do grupo miliciano que atrancou con moles de pedra a estrada de Noia a Boiro, aínda que non existen referencias documentais que apoién esta suposición.

En canto á localización exacta dos seus restos, durante unha das nosas visitas de campo recolléronse testemuños que apuntaban a diferentes posibilidades. Algúns veciños sinalaron que podería estar enterrado na chamada tumba dos forasteiros, mentres que outras voces sitúan a fosa entre a oliveira e os nichos construídos en 1936. A súa neta, Mercedes Piñeiro López, coñeceu esta historia recentemente e, tras investigar pola súa conta, recolleu da veciñanza a versión que sitúa o enterramento na zona da oliveira.


Mercedes lembra tamén que ao descubrir o sucedido tratou de afondar na historia familiar, pero descoñece que veciños falanxistas participaron directamente na morte do seu avó. Non obstante, alguén de Belles Ile contou que Manuel se enfrontara cun veciño falanxista por impedir que unha familia pobre doutra parroquia recollese piñas no monte común. Este conflito puntual podería situarse no marco máis amplo das tensións sociais e agrarias descritas por Antón Rodríguez Gallardo en *A Segunda República en Boiro (1931-1936)*, onde se documentan fondas divisións sociais, mobilizacións labregas e disputas polo acceso á terra. Nese contexto, o golpe de Estado de xullo de 1936 brindou ás forzas falanxistas a oportunidade de axustar contas persoais e eliminar a quen consideraban elementos incómodos ou disidentes.

Por último, segundo a consulta dos expedientes de recrutamento do Concello de Boiro<sup>7</sup>, sabemos que en 1925 Manuel foi chamado a filas e clasificado co número 16 como *soldado útil exclusivamente para servizos auxiliares*, debido a que padecía de *pé plano*. O único dato conservado sobre a súa fisionomía é a súa altura, que medía un metro e sesenta centímetros.

---

<sup>7</sup> Expediente xeral das operacións de recrutamento e reemprazo do exército, ano 1925. Fondo do Arquivo Municipal de Boiro.

## 5.2. Francisco López Pérez



Imaxe 6. Francisco López Pérez. Fotografía extraída do libro de Xesús Santos e Xosé Comoxo (2010)

Francisco López Pérez, coñecido como “Fontevella”, era fillo de Rafael e Francisca. Tiña 34 anos, estaba casado con María do Carme Carou Pereira, natural de Asados, e tiñan catro fillos pequenos. Residía no lugar da Igrexa, en Taragoña, e traballaba no transporte marítimo de piñeiros, unha actividade cunha longa tradición profesional e sindical na comarca.

Segundo Xesús Santos e Xosé Comoxo (2010: 76), en Rianxo existía desde 1916 a “Unión Piñera Marítima”, fundada por José Arcos Moldes, que ese mesmo ano se dissolveu para dar paso á “Nueva Piñera Marítima”, dedicada ao transporte de madeira por mar cara a Vilagarcía para a súa exportación. No ano seguinte documentouse tamén a existencia dunha Sociedade Obreira de Oficios Varios e, segundo Dionisio Pereira (2009: 84), os

piñeiros da comarca estaban vinculados á CNT nos últimos anos da Segunda República. Neste contexto, é probable que Francisco formase parte do tecido asociativo e sindical, o que podería explicar a súa identificación pública coas ideas de esquerda, mencionada polas fontes orais.

Foi detido por falanxistas coa desculpa de que debía ser conducido ao cuartel da Garda Civil, mais o vehículo continuou cara aos montes da Paradegua. Alí foi asasinado o 12 de setembro de 1936, e o seu corpo foi posteriormente abandonado na estrada, ao igual que Manuel Piñeiro.

O sumario nº 89 de 1936<sup>8</sup>, instruído polo Xulgado de Padrón o 14 de abril de 1937, presenta unha versión oficial dos feitos claramente adaptada ao discurso do réxime. Nel afirmase que o cadáver de Francisco López, veciño de Taragoña, apareceu o 12 de setembro de 1936 na parroquia de Asados e que, segundo o ditame de autopsia, falecera por hemorraxia interna provocada por ferida nos pulmóns, “complicada por hemorragia de la femoral”. Porén, o documento engade que as lesións se produciron “al hacer frente a la fuerza pública”; fórmula habitual utilizada para xustificar as execucións extraxudiciais e encubrir os asasinatos políticos cometidos polas forzas falanxistas nos primeiros meses.

A acta de defunción<sup>9</sup>, pola súa banda, reforza a versión oficial ao limitarse a consignar que faleceu en Asados o día 12, ás tres por hemorraxia interna segundo informe facultativo, sen facer mención ningunha a detención, execución ou intervención doutros actores. Esta linguaxe burocrática e ambigua ilustra o modo en que a documentación civil e xudicial da época contribuíu a ocultar a natureza política das mortes e a diluír as responsabilidades dos verdugos.

Xosé Comoxo e Xesús Santos recollen en 1999 o testemuño de Manuel López Carou, fillo de Francisco. No seu relato, Manuel sinala con claridade os que considera responsables

---

<sup>8</sup> Sumario nº 89 de 1936, instruído polo Xulgado de Padrón o 14 de abril de 1937.

<sup>9</sup> Acta defunción número 100 de Francisco López Pérez, folio 127, 1936. Rexistro Civil de Rianxo.

da morte do seu pai: o cura destinado daquela en Taragoña e tamén un antigo compañeiro de traballo. En relación cos autores directos do asasinato, segundo recollen Comoxo e Santos, Manuel opta por non revelar os seus nomes malia coñecer ben a tres deles.

“Cando mataron a meu pai, era un día de moita choiva, éramos catro irmáns; o máis vello chamábase José e tiña 9 anos; seguíalle Francisco que tería 6; despois eu (Manuel) e tamén unha neniña que morreu aos sete meses de nacer (...) Esta rapaza finou porque a nosa nai tiña o desgusto do drama familiar, como foi o de matarlle ao home e quedar viúva con catro nenos tan pequeniños. O médico dixérlle que tiña o leite envelenado por motivos do desgusto e que a nena morrera, dalgunha maneira, por este feito tan tráxico o que motivou unha mala alimentación dela e de todos nós.

Meu irmán José, o maior vive en Madrid. Francisco vive en Taragoña na mesma casa onde vivía meu pai cando o levaron... Meu pai era forte e defendíase ben, tanto para dar hostias como de palabras (...) O cura da parroquia deu malos informes del... El estivera en Bos Aires antes, despois casou e fixou a súa familia con miña nai. Vivíamos en Taragoña, diante mesmo da Casa da Cruz (...). El traballou no mar, era patrón de embarcacións pequenas e naquela época tiña moita importancia na ría de Arousa e exportábanse as madeiras. Meu pai tiña a pertenza ao Sindicato. (...)

Quince días antes de que o mataran, fóranlle petar á porta os falanxistas: unha noite chegaron á casa da Cruz e ao ver que ninguén lles abría, indagaron onde estaba a nosa familia. Un día unha veciña, da familia dos “do Piro”, foi avisar a meu pai á casa da igrexa (na que viviamos había uns días) de que tivera coidado porque os falanxistas estiveran máis dunha noite tratando de localizalo e que sería mellor que escapara, porque o ían matar. Nun primeiro momento meu pai colleu en serio o que se lle dicía e fíxolle caso, porque tamén miña nai lle estaba: ¡vaite! ¡escapa! ¡vaite que che van matar!, entón recolleu algunhas cousas e botouse a correr cara ao porto para coller o barco e marchar a Portugal; pero... non ben andou un pouco camiño e deulle outra idea, tendo en conta que el non lle fixera dano a ninguén; el preguntábase ¿que fixen eu para que me maten? ¡non teñen por que facelo!, entón deuse volta para a casa e dixo que el non escapaba, por- que non había motivos para fuxir.

Os falanxistas non tardaron en volver por el á nosa casa da igrexa, unha noite, coa desculpa de que tiña que acompañalos, que era unha cousa rápida e que non facía falta que se vestira, botáronlle a man... Insistíronlle en que só era para ir ao cuartel da Garda Civil de Rianxo a facer unha declaración, ou un informe (incluso lle dixeron que era por un asunto que lle interesaba e que non tiña importancia) e que logo o volverían traer... Miña nai non quería deixalo ir, entón os falanxistas apuraron o paso e metérono no coche á forza, bastante á forza, e miña nai seguiu detrás do coche correndo e chorando para que non o levaran. Non conseguiu nada; incluso nós, tan pequeniños como eramos, alarmámonos e comezamos a chorar.

Meu pai, ao ver que cando chegaron ao cruce da estrada non collían a dirección de Rianxo, como lle dixera, senón que ían polo camiño de Araño, alarmouse porque se deu conta de que o estaban enganando. Comezou a defenderse, pero como os falanxistas non o daban atezado, porque como dixeran antes era forte e estaba desesperado, déronlle un golpe coa manivela do coche e deixárono mal ferido. Eu creo que a idea deles era de levalo lonxe, a outro concello, pero como seguía pelexando cando recuperou o coñecemento, decidiron parar na Paradedgua (un sitio moi descampado) e alí, a pesar das súplicas de meu pai, que lles dicía que tiña catro fillos que ían morrer de fame, e incluso creo que houbo opinións distintas entre os falanxistas que empezaron a dudar; pero un deles disque dixo: ¡este déixademo a min!, meu pai desesperado botoulle as mans á gorxa... pero déronlle un culatazo e matárono a tiros alí mesmo. Ao outro día algún levou o seu corpo para o cemiterio de Asados, onde foi enterrado no camposanto...”

(Comoxo, X. e Santos, X., 2010: 211-212)

Como podemos apreciar, a información recompilada permite confirmar a identidade e as circunstancias da morte de Manuel Piñeiro Abeijón e Francisco López Pérez (“Fontevella”), así como situar os feitos no contexto de violencia durante o golpe de xullo de 1936 nos concellos de Rianxo e Boiro.

Deste modo, a fosa común de Asados reuniría os restos de dúas vítimas procedentes de territorios moi próximos entre si —unha de Rianxo e outra de Boiro—, unidas polo

mesmo escenario de violencia e polo mesmo destino de inhumación, que segundo as fontes semella ser primaria.

### ***Sobre o Alto da Paradegua***


O asasinato de Manuel Piñeiro Abeijón e Francisco López Pérez tiveron lugar no Alto da Paradegua. Esta zona, afastada dos núcleos de poboación, atópase ao norte do concello de Rianxo, a uns 3,5 quilómetros en liña recta da igrexa de Asados e arredor de 5 quilómetros pola estrada actual. Trátase dun espazo de altitude media (entre 250 e 300 metros sobre o nivel do mar), cuberto en boa parte por monte e sen presenza de núcleos habitados próximos, o que o convertía nun lugar propicio para execucións extraxudiciais ou “paseos”.

Tanto no caso de Manuel Piñeiro Abeijón, asasinado en agosto de 1936, como no de Francisco López Pérez, executado en setembro do mesmo ano, foron trasladados posteriormente desde a Paradegua en camioneta ata a estrada principal. Sería a veciñanza a encargada de levar os corpos á caseta das autopsias.




Imaxe 7. Fotografía da estrada principal onde supostamente deixaron os corpos das vítimas.

Fotografía de Lucía Santiago.





Imaxe 8. Mapa base vectorial 2020.



Imaxe 9. Ortofoto Voo Americano Serie B, 1956-57.

O punto vermello indica o Alto da




Imaxe 10. Ortofoto Voo Americano Serie B, 1956-57. Área da Paradegua e o camiño que fixeron os verdugos para levar as vítimas a Asados. Fonte: SIXPAC, modificacións de Lucía Santiago.

Imaxe 11. Ortofoto PNOA Máxima Actualidade. Área da Paradegua e o camiño que fixeron os verdugos para levar as vítimas a Asados. Fonte: SIXPAC, modificacións de Lucía Santiago.

## 6. Fichas resumo sobre as vítimas

<b>Manuel Piñeiro Abeijón</b>		
<b>Datos persoais</b>	<b>Natural de</b>	Belles de Abaixo, na parroquia de Macenda (Boiro)
	<b>Veciño de</b>	Boiro
	<b>Idade</b>	31
	<b>Profesión</b>	Labrego
	<b>Filiación/s</b>	-
	<b>Data, lugar de morte</b>	14 de agosto de 1936, Alto da Paradegua, Burés, Rianxo.
	<b>Resumo</b>	<p>A súa acta de defunción, inscrita no Rexistro Civil de Rianxo o 15 de agosto ás oito e media da tarde, rexistra a morte por arma de fogo e sitúa o falecemento ás catro da tarde do día anterior.</p> <p>“Tiña buratos na cabeza dos tiros que lle deron. Eu queríalle compoñer a cabeza, limparlla co mandil e poñerlle un ladrillo debaixo, porque tíña caída e a nuquiña desfeita polas balas...”</p>

		<p>Chamado a filas e clasificado co número 16 como soldado útil exclusivamente para servizos auxiliares, debido a que padecía de <i>pé plano</i>. O único dato conservado sobre a súa fisionomía é a súa altura, que ascendía a <b>un metro e sesenta centímetros</b>.</p>
<p><b>Fontes relacionadas</b></p>	<p><b>Causa militar</b></p>	-
	<p><b>Entrevistas</b></p>	-
	<p><b>Rexistro de defuncións</b></p>	<p>No Rexistro Civil Rianxo. Acta de Defunción de Manuel Piñeiro Abeijón, número 95, folio 122. Ano 1936.</p>
	<p><b>Outras</b></p>	-

	<b>Francisco López Pérez</b>	
<b>Datos persoais</b>	<b>Natural de</b>	Lugar da Igrexa, en Taragoña (Rianxo)
	<b>Veciño de</b>	Ídem anterior
	<b>Idade</b>	31
	<b>Profesión</b>	Labrego
	<b>Filiación/s</b>	-
	<b>Data, lugar de morte</b>	Asasinado o 12 de setembro de 1936 no alto da Paradegua, Rianxo. O seu corpo foi posteriormente abandonado na estrada, ao pé da igrexa de Asados, igual que Manuel.

	<b>Resumo</b>	Segundo o ditame de autopsia, falecera por hemorraxia interna provocada por ferida nos pulmóns, “complicada por hemorragia de la femoral”. Segundo as fontes, semella que se defendeu dos verdugos, polo que pode haber fracturas.
<b>Fontes relacionadas</b>	<b>Causa militar</b>	-
	<b>Entrevistas</b>	-
	<b>Rexistro de defuncións</b>	No Rexistro Civil Rianxo. Acta defunción número 100 de Francisco López Pérez, folio 127, 1936.
	<b>Outras</b>	-

## 7. Documentación do espazo a intervir: localización da fosa

Como se foi comprobando ao longo deste documento, a fosa obxecto de estudo e intervención localízase no adro da igrexa de Santa María de Asados. O templo ergueuse no século XVI e presenta unhas dimensións exteriores máximas de 32 metros de longo por 13,90 de ancho. As capelas laterais e a sancristía corresponden a ampliacións posteriores, mentres que a torre campanario foi incorporada no século XVIII.

A igrexa responde a unha planta de cruz latina, cun brazo transversal curto, e conta con dúas capelas de pequenas proporcións e unha dependencia anexa ao altar maior. As naves están cubertas con bóvedas de canón sostidas por arcos de medio punto, mentres que o cruceiro, de menor altura, presenta bóveda de aresta. Tanto a sancristía antiga como a nova manteñen este mesmo tipo de cubrición.

A fachada principal, reconstruída no século XVIII, dispón dunha torre central, unha solución pouco frecuente na arquitectura relixiosa da contorna. A torre, dividida en cinco corpos de planta cadrada, integra no primeiro nivel a porta principal, resolta cun arco de medio punto flanqueado por pilastras. Sobre ela érguese un frontón triangular interrompido, no que se abre unha fornella cunha imaxe da Virxe. O terceiro corpo acolle o campanario, rematado por unha pequena cúpula. A cuberta de tella do país é a dúas augas, mentres que a cruz central destaca no conxunto cunha cubrición a catro augas.

Nunha das súas paredes pode observarse un reloxo de sol instalado en 1993. Así mesmo, nun dos laterais da fachada principal consérvase simboloxía alusiva aos “caídos por Dios y por la patria” e á “Santa Misión”, inscricións e motivos que remiten ao discurso dos vencedores e á lexitimación relixiosa do novo réxime franquista.

A presenza desta simboloxía evidencia como os espazos de culto foron empregados para consolidar unha narrativa oficial baseada na sacralización da vitoria e na exclusión das vítimas, integrando a memoria dos “caídos” dentro do propio tecido arquitectónico. No caso de Asados, esta superposición de mensaxes —a simbólica franquista e a existencia dunha fosa con vítimas da violencia de 1936— expón de forma elocuente a coexistencia

no mesmo lugar da memoria imposta polos vencedores e da memoria silenciada dos vencidos.

O recinto da igrexa de Asados está rodeado por un muro de pedra que pecha o conxunto e marca a entrada principal, onde se conserva a casa de fábrica ou de autopsias datada en 1909. O cemiterio foise formando no propio adro da igrexa , aproveitando o espazo inmediato á súa fachada e practicando as inhumacións directamente no chan.

O lugar de enterramento foi medrando co tempo arredor do templo, aproveitando o espazo fronte á fachada e practicando as inhumacións directamente no terreo. A ausencia de nichos fixo que moitas lápidas se fosen reaproveitando, o que explica a presenza de pezas datadas nas décadas de 1940, 1950 e 1960, e mesmo unha reutilización rexistrada en 1991 nunha tumba próxima ao osario. Nas tumbas ao redor da coñecida como *tumba dos forasteiros* obsérvanse inscricións que chegan ata os anos setenta. É precisamente nela onde se ten lanzado a hipótese de que poderían atoparse os restos de Manuel Piñeiro Abeijón. As estruturas de enterramento coñecidas como panteóns, fóronse construíndo desde 1936.




Imaxe 12. Tumba dos forasteiros. Fotografía de Lucía Santiago.

A nosa hipótese principal sobre a localización da fosa —tendo en conta que as dúas inhumacións se realizaron con aproximadamente un mes de diferenza e poderían corresponder a covas separadas a certa distancia— sitúaa entre a oliveira, xunto ao muro e moi próxima aos panteóns datados en 1936.



Imaxe 13. Ortofoto PNOA máxima actualidade xeoreferenciada, onde se indica co polígono a área de inhumación das vítimas.



Desta forma, consideramos necesario analizar como se foi ampliando a construción dos panteóns e as posibles transformacións experimentadas no adro ao longo do tempo. A continuación, e baseándonos no anterior plano-imaxe<sup>10</sup> destacamos os seguinte:

Todo indica que os primeiros panteóns do cemiterio foron precisamente os datados en 1936, aínda que non se atoparon referencias que permitan determinar se se levantaron antes, durante ou despois das inhumacións das vítimas. As persoas informantes coinciden, con todo, en que xa estarían construídos nese momento.

No espazo situado entre as áreas A e B existía un panteón datado en 1937, que foi posteriormente trasladado ao cemiterio novo, xa que o seu emprazamento orixinal pasou a constituír o acceso ao novo recinto.

Segue a secuencia cos panteóns construídos en 1938 e 1939 (polígono B). No lateral C, a cronoloxía é menos ordenada: rexístranse construcións datadas en 1939, 1941, 1958, 1954, 1960 e outras intercaladas sen data, o que suxire que se foron levantando de maneira gradual, en diferentes etapas e sen seguir unha secuencia. O último panteón, situado na esquina correspondente á área D, leva inscrita a data de 1953.

A fileira de panteóns situada fronte á porta principal da igrexa carece tamén de inscricións que permitan data-la. O oco entre a parte D e D.2 corresponde á porta de acceso ao recinto da casa reitoral, mentres que a zona identificada como parte E está ocupada por sepulturas no chan, algunhas delas sen inscrición visible e outras reutilizadas.

No libro de Culto e Fábrica rexístranse referencias á construcións de panteóns, porén son notas moi pouco detalladas e que transcribimos a continuación:

- 1959: concesión de catro sepulturas.
- 1960: concesión de 19 panteóns.
- 1975: construción dun panteón parroquial con catro ocas e outro destinado ás cinzas do párroco de Asados.

---

<sup>10</sup> Elaborado por Lucía Santiago Sanmiguel.

A partir da segunda metade da década de 1970, o cemiterio continuou ampliándose cara ás hortas da casa reitoral, incorporando tal e como vemos na imaxe a seguir novos espazos.



Imaxe 14. Ortofoto PNOA máxima actualidade xeoreferenciada, onde se indica cos polígonos a ampliación do cemiterio. Fonte: Iberpix, elaboración de Lucía Santiago.

Por outra banda, o muro constitúe tamén un elemento de referencia para a posible localización da fosa. As investigacións realizadas a través dos libros de culto e fábrica, permitiron constatar que en 1935 se levaron a cabo obras de reparación do muro e pavimentación, concretamente puxéronse baldosas na casa de fábrica e no atrio ata a porta principal.

En 1938 rexístrase o levantamento dunha parte do muro, aínda que sen especificar a súa localización exacta. En 1940 documentouse un arranxo no tramo contiguo á casa de fábrica, e no ano seguinte colocáronse 50 metros de baldosas desde a entrada principal ata a porta travesa da igrexa. En 1942 reedificouse parte do muro pola zona norte.

Como non se conserva ningún plano da igrexa nin da súa contorna inmediata, foi necesario recorrer ás fontes orais, que coinciden en situar o muro no mesmo lugar que ocupa actualmente, aínda que con diversas reformas ao longo do tempo. As ortofotos históricas mostran que a estrada era aínda un carreiro a finais da década de 1950; segundo os testemuños recollidos, a súa ampliación produciuse despois dos anos sesenta, coincidindo coa expropiación das fincas situadas fronte ao templo. Ao tratarse destas leiras e non de terreos pertencentes á igrexa, é probable que o muro non fose desprazado cara ao interior, senón que a ampliación se realizase ocupando unicamente os terreos expropiados aos propietarios das parcelas de enfronte. Porén, non temos, unha vez máis, evidencias documentais que o confirmen.

Ao observar o espazo interior do recinto, apréciase que na zona onde se supón que se atopa a fosa ou fosas, existe un camiño de cemento, probablemente construído xa ben entrados os anos 2000. Non se pode descartar, por tanto, que cubrise parcialmente os enterramentos. Tamén resulta relevante considerar a presenza da oliveira, cuxo crecemento e posibles modificacións ao longo do tempo poden ter alterado a área.



Imaxe 15. Parte do pavimento de cemento que as fontes orais sitúan ao redor dos 2000, como o memorial que está dedicado ao párroco José Rodríguez Conde. Fotografía de Lucía Santiago.

### ***Conclusión sobre a localización da fosa***

A información recompilada a través de fontes orais, documentación parroquial e observación directa do terreo non permite determinar con exactitude a localización da fosa ou fosas das vítimas en cuestión.


Con todo, a análise conxunta das fontes permite formular dúas hipóteses principais. A máis verosímil sitúa o enterramento nun sector próximo ao muro, probablemente nas inmediacións da oliveira e dos panteóns datados en 1936.

A segunda hipótese, menos probable e menos presente na memoria da veciñanza, sitúa os restos de Francisco e Manuel na tumba dos forasteiros.

En ausencia de novas evidencias, non é posible confirmar con datos precisos nin a localización ou localizacións, nin a extensión exacta da fosa, polo que, rexéndonos pola hipótese máis verosímil, será preciso realizar traballos arqueolóxicos específicos que permitan acoutar as posibilidades e verificar a existencia de enterramentos no sector identificado como máis probable.



Imaxe 16. Área de onde se pode atopar a fosa. Fotografía de Mario Cesar Vila.





Imaxe 17. Igrexa de Santa María de Asados. Fotografía de Lucía Santiago.



Imaxe 18. Inscripción de "Ano 1909" da casa de fábrica. Fotografía de Lucía Santiago.



Imaxes 19, 20 e 21 da área onde se presuntamente se atopa a fosa ou fosas. Imaxes de Lucía Santiago.

## 8. Intervención arqueolóxica

Entre os días 27 de outubro e o 7 de novembro de 2025 levouse a cabo a intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación da fosa ou fosas de vítimas da violencia golpista de 1936, autorizada mediante resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con data 4 de outubro de 2025 (Expediente do Servizo de Arqueoloxía SA-2025-0685.AQX).

A dirección técnica correu a cargo da arqueóloga Tania Rial Figueiras, da empresa Tempos Arqueólogos, contando cun equipo formado por tres arqueólogos máis con experiencia tamén no ámbito da antropoloxía.


- **Hipótese de traballo e delimitación da área**

Segundo o estudo realizado e as fontes orais recollidas e as entrevistas realizadas cos familiares, o lugar máis probable de inhumación situábase xunto ao muro perimetral do cemiterio de Asados, no sector comprendido entre panteóns construídos en 1936 e unha oliveira que funciona como referencia persistente na memoria local.

Durante os traballos de campo, a presenza constante de veciños e veciñas que se achegaban á escavación permitiu recoller nova información oral. Varias destas persoas situaban a fosa baixo o actual muro perimetral, argumentando que este fora movido cara ao interior do adro nun momento indeterminado. Algunhas voces apuntaban a que este posible movemento se producira a partir da década de 1970, aínda que sen poder concretar datas nin intervencións específicas.

Co obxectivo de verificar esta hipótese, e tendo en conta que o muro foi reconstruído e remodelado en distintas ocasións, o equipo de arqueoloxía e historia procedeu á toma das coordenadas xeorreferenciadas do muro actual. Posteriormente, mediante sistemas de información xeográfica (SIG), realizouse en gabinete a comparación destes datos coa ortofotografía histórica correspondente ao voo americano Serie B (1956-1957). A análise permitiu determinar que, segundo a imaxe histórica dispoñible, o muro semella manter a mesma traza polo menos desde mediados da década de 1950. Este resultado reforza,

ademais, o estudo histórico previo que indicaba que a ampliación da estrada non supuxera a alteración do recinto a intervir.



- **Desenvolvemento da escavación**

A continuación preséntase un resumo da intervención arqueolóxica, elaborado a partir da información detallada na memoria técnica realizada pola directora da actuación.

Nun primeiro momento, a área intervida presentaba unhas dimensións de aproximadamente 4 x 4 metros, situada ao leste da oliveira. Posteriormente, levouse a cabo unha ampliación cara ao oeste de 3,70 metros, co obxectivo de esgotar o espazo arredor da citada árbore.



*Primeira área intervida. Fotografías de Lentes Diverxentes*

A superficie total intervida acadou os 20 m<sup>2</sup>, situados en torno á oliveira, mantendo unha separación respecto do muro que pecha o adro polo norte de 70 cm no sector leste e de 1,30 m no sector oeste.

Unha vez retirados os niveis superficiais, foron localizadas no sector leste catro fosas con orientación NW-SE. Dúas delas foron escavadas completamente, sen que se documentasen restos óseos conservados. As súas características construtivas, xunto coa presenza puntual de fragmentos cerámicos de cronoloxía antiga —posiblemente medieval— permitiron interpretalas como enterramentos históricos.



*Fotografía de Lentes Diverxentes*

Na ampliación cara ao oeste localizáronse dúas fosas adicionais, novamente con orientación NW-SE, unha delas con cuberta de lousas de xisto, elemento característico de enterramentos antigos. En conxunto, as seis fosas documentadas responden a unha cronoloxía antiga, probablemente medieval, sen relación co episodio de violencia de 1936.

O espazo presentaba unha alteración moi limitada; unicamente se recuperou un fragmento óseo na capa vexetal superficial, que de acordo co estudo antropológico e forense non pertence a restos humanos.

A sondaxe realizada deu un resultado negativo en relación coa localización dos individuos obxecto do proxecto, ao non se documentaren evidencias compatibles con enterramentos clandestinos contemporáneos. Porén, a intervención permitiu identificar unha necrópole posiblemente medieval inédita ata o momento, o que supón unha achega relevante ao coñecemento histórico e arqueolóxico do adro da igrexa de Santa María de Asados.

Este resultado permite descartar con base científica a superficie intervida como lugar de enterramento das vítimas, contribuíndo a acoutar a área potencial de busca.

Todos os detalles técnicos, rexistros estratigráficos, documentación gráfica e interpretacións completas poden consultarse na “Memoria técnica da Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha fosa con vítimas da violencia franquista no cemiterio de Santa María de Asados (Rianxo, A Coruña)”, redactada por Tania Rial Figueiras en febreiro de 2026, documento actualmente accesible na páxina web de *Nomes e Voces*.

Así mesmo, atópase dispoñible o correspondente informe antropológico e forense, elaborado por Fernando Serrulla Rech, do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), no que se detallan as análises realizadas e as conclusións derivadas do estudo.

- **Conclusiones**

A pesar de non seren localizados os restos das dúas vítimas, a intervención considérase plenamente xustificada, ao permitir descartar unha das áreas sinaladas e reducir a incerteza espacial.

Os datos obtidos permiten orientar futuras actuacións cara a outros sectores do recinto. Neste sentido, cabe considerar a posibilidade de que os corpos fosen inhumados no exterior do muro perimetral, potencialmente baixo a actual estrada, hipótese que deberá ser avaliada en futuras intervencións.

Tanto a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza como os familiares —que presentaron dúas solicitudes formais de exhumación e identificación— manifestaron a súa vontade de continuar os traballos.

A actuación realizada establece unha base metodolóxica sólida para futuras intervencións, mantendo como obxectivo final a localización dos restos, a súa identificación e a restitución da dignidade e memoria das vítimas no lugar que lles corresponde.



*Fotografía de Lentes Diverxentes*

## 9. Referencias bibliográficas e fontes consultadas

Comoxo, X., e Santos, X. (2010). *Rianxo na súa historia. Consecuencias da Guerra Civil (1936–1939)*. A Coruña: Deputación da Coruña.

Comoxo, X., Santos, X., e Costa, X. (2003). *Rianxo na Guerra Civil. Campo de concentración de prisioneiros de guerra (1937–1939)*. Rianxo: Concello de Rianxo.

Fernández Prieto, L. (2012). *El pasado incómodo en el Estado español: guerra, persecución, reconciliación*. En L. Fernández Prieto e Nomes e Voces (Eds.), *Memoria de guerra y cultura de paz en el siglo XX. De España a América, debates para una historiografía* (cap. 1). Xixón: Ediciones Trea.

Fernández Prieto, L. (2024). *Verdugos invisibles de víctimas reconocibles*. Ponencia presentada nas *I Jornades d'Estudis del Col·lectiu Recerca*, 19 de outubro de 2024, Manacor.

Fernández Prieto, L., e Míguez Macho, A. (Eds.). (2018). *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*. Vigo: Editorial Galaxia.

Fernández Prieto, L., Míguez Macho, A., e Vilavedra Fernández, D. (Eds.). (2020). *1936: Un nuevo relato*. Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza (PUZ).

Fernández, E., e Pereira, D. (2004). *A represión contra o movemento libertario na Galiza durante a Guerra Civil e a posguerra*. En *A represión franquista en Galicia: Actas do I Congreso da Memoria* (Narón, 4–7 de decembro de 2003) (pp. 399–425). Ferrol: Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática / Edicións Embora.

López Sánchez, C. (2012). *O golpe de Estado, as persecucións e a retagarda na guerra civil española: as actitudes sociais en Galicia (1936–1939)* [Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela].

Míguez Macho, A. (2018). *Un pasado negado. Lugares de violencia y lugares de memoria del golpe, la guerra civil y el franquismo*. *Confluenze: Rivista di Studi Iberoamericani*, 10(2), 127–151.

Pereira, D. (2005). *Foulas e ronseis*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.

Pereira, D. (2009). *A CNT no Barbanza durante a II República*. En *Actas das III Xornadas de Historia e Cultura: “A II República e Guerra Civil na Bisbarra da Barbanza”* (Casa da Cultura de Porto do Son, 12–14 de agosto de 2004).

Rodríguez Gallardo, A. (2009). *Asociacionismo político e sindical no Boiro da II República (1931–1936)*. En *Actas das III Xornadas de Historia e Cultura: “A II República e Guerra Civil na Bisbarra da Barbanza”* (Casa da Cultura de Porto do Son, 12–14 de agosto de 2004).

Rodríguez Gallardo, A. (2022). *A Segunda República en Boiro (1931–1936). Entre o caciquismo inmovilista e a mobilización sociopolítica da xente do común*. A Coruña: Deputación da Coruña.

## Arquivos:

- Arquivo Histórico Diocesano de Compostela, Libros de Culto e Fábrica:
  - POO1927 da parroquia de Santa María de Asados
  - POO 1928 da parroquia de Santa María de Asados
- Arquivo Municipal de Rianxo
- Arquivo Municipal de Padrón
- Arquivo Municipal de Boiro
  - Expediente xeral das operacións de recrutamento e reemprazo do exército, ano 1925.

Rexistro Civil de Rianxo<sup>11</sup>:

- Acta de Defunción número 95, folio 122 de Manuel Piñeiro Abeijón.
- Acta defunción número 100, folio 127 de Francisco López Pérez.

*Nomes e Voces:*

- Ficha de Francisco Pena Romero:  
<http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/5022/>
- Ficha de Juan Rey Lago: <http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/5025/>

## Informantes:

- Mercedes Piñeiro López
- Francisco López Saborido
- Xesús Santos Suárez
- Xosé Deira Triñanes
- Xan Hermida Bouza
- Carlos Cimadevila Álvarez
- Xusto Xosé Ordóñez Figueira

---

<sup>11</sup> Así como as actas que foron referenciadas das vítimas de reclutamento.